Acta da sesión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do día 16 de abril de 2025

[JCCP/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior,** o día **16 de abril de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Julio García Comesaña
(Presidente)
Roberto Rodríguez Martínez
Paloma Castro Rey
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
José Luis Ferro Iglesias
(en substitución de José Alberto Pazos Couñago)
Argimiro Marnotes Fernández
Paula Mouzo Mas
Carmen María Pomar Tojo
Paula Prado del Río
María Felisa Rodríguez Carrera
Katherinie Varela Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Daniel Castro García
(en substitución de Iria Taibo Corsanego)
María Cristina Fernández Davila
Óscar Insua Lema
Iago Suárez Fernández
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Outros asistentes:
Ángel Rodríguez Conde (P)

Propoñente:
Xosé Luís Bará Torres (BNG)

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

O presidente abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución así como as substitucións pertinentes.

Logo da constatación deste a Presidencia, previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde de debate das proposicións non de lei que conforman o punto único orde do día, consistente en tramitar en primeiro lugar a iniciativa doc. núm. 20594 (4).

A secretaria abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Xa que logo, procédese ao trámite da proposición non de lei doc. núm. 20594.

Punto único. Proposicións non de lei

1.4 20594 (12/PNC-001921)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e 2 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central coa finalidade de que cree unha base marítima permanente do Servizo de Vixilancia Aduaneira na Costa da Morte
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167f1, do 05.03.2025

A Presidencia, comunica que a esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 24197) e outra de modificación por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 24199), das que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Insua Lema, Óscar (BNG)**, quen procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda de grupos parlamentarios emendantes, intervén en primeiro lugar a **señora Iglesias Rey (S),** para explica o sentido da súa emenda, logo de expoñer diversas consideracións sobre a intervención do propoñente.

Nesta mesma rolda intervén a **señora Mouzo Mas, Paula (P),** quen, tras expoñer diferentes consideracións a respecto das anteriores intervencións, xustifica os motivos polos que o seu grupo presentou esta emenda de substitución.

O **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** renuncia a facer uso da súa rolda de intervención.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre as emendas presentadas, o **señor Insua Lema, Óscar (BNG)**, comenta as argumentacións dos demais grupos parlamentarios e explica as razóns polas que acepta ningunha da dúas emendas.

PARLAMENTO DE GALICIA

1.1 **12556 (12/PNC-001191)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 3 máis
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación cos procedementos que utiliza para a concesión de subvencións ás entidades locais galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102f1, do 17.10.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** que pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, interveñen os **señores Ojea Bouzo, Armando (M),** e **Insua Lema, Óscar (BNG)**, os que, logo de expoñer diversas consideracións sobre a proposta formulada, anuncian o voto favorable á mesma.

Nesta mesma rolda o **señor Marnotes Fernández, Argimiro (P),** tras deixar constancia das súas argumentacións á respecto da iniciativa, rebate algunhas das afirmacións realizadas pola/os voceira/os que o precederon no uso da palabra.

A **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** fai uso da rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos do grupo maioritario.

1.2 **13402 (12/PNC-001279)**
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que siga promovendo o papel da Academia Galega de Seguridade Pública na asunción dos procesos selectivos de acceso aos corpos de policía local e na selección de auxiliares
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 106f1, do 23.10.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adicións por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 24190), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

A **señora Rodríguez Carrera, María Felisa (P),** expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda do grupo parlamentario emendante a **señora Castro Rey, Paloma (S)**, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada ao tempo que defende a emenda presentada polo seu grupo, que considera máis ambiciosa.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendante interveñen o **señore Ojea Bouzo, Armando (M),** e a **señora Fernández Davila, María Cristina (BNG)**, os que, logo de expoñer diferentes consideracións a respecto da anterior intervención, xustifican os motivos polos que os seus respectivos grupos van apoiar a devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Rodríguez Carrera, María Felisa (P)**, refire as razóns polas que non acepta a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia, logo de agradecer o apoio amosado por todos os grupos.

1.3 **20287 (12/PNC-001890)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co obxecto de preparar o sistema xudicial galego para a entrada en vigor da Lei orgánica de medidas en materia de eficiencia do servizo público de xustiza
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 162f1, do 26.02.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 24192), das que obvia a súa lectura dado que se remitiu copia aos distintos portavoces.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Castro Rey, Paloma (S)**, quen procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda do grupo parlamentario emendante o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG),** logo de posicionarse a favor desta proposta, defende a emenda de substitución presentada polo seu grupo, destacando a mellora que supón para a mesma a súa aceptación.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, e dado que o señor Ojea Bouza (M) declina facer uso da palabra, intervén polo **G.P. Popular de Galicia a señora Varela Fernández, Katherinie,** quen, tras rebater moitas das argumentacións expostas pola propoñente, xustifica o rexeitamento da iniciativa por parte do seu grupo parlamentario, ao tempo que valora positivamente os traballos que se están a levar a cabo dende o Goberno galego.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada a **señora Castro Rey (S),** tras incidir na importancia desta iniciativa, critica a intervención da

PARLAMENTO DE GALICIA

voceira do G.P. Popular de Galicia e posibilita unha transacción co texto da emenda presentada polo G.P. Bloque Nacionalista Galego.

1.5 20955 (12/PNC-001954)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación co desenvolvemento do Plan de exhumacións de vítimas da represión franquista e as actuacións que o Goberno galego debe impulsar en materia de memoria democrática
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167f1, do 05.03.2025

O **señor Bará Torres, Xosé Luís (BNG),** expón as razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, e dado que o señor Ojea Bouza (M) declina facer uso da palabra, intervén en primeiro lugar a **señora Castro Rey, Paloma (S),** que pasa a expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada xustificando o apoio do seu grupo á devandita proposta.

Nesta mesma rolda intervén polo **G.P. Popular de Galicia o señor Ferro Iglesias, José Luis,** quen, tras matizar as argumentacións expostas polo/a voceiro/a que o precederon no uso da palabra, argumenta as razóns polas que o seu grupo non vai apoiar esta iniciativa, destacando que o Goberno galego está a cumprir co máximo rigor o disposto na Lei de memoria democrática.

A señora Mouzo Mas (P) abandona a sesión e incorpórase á mesma para a súa substitución o seu compañeiro de grupo, señor Rodríguez Conde.

Na rolda de puntualizacións o **señor Bará Torres, Xosé Luís (BNG),** logo de agradecer o apoio amosado polo G.P. dos Socialistas de Galicia, rebate moitas das afirmacións realizadas polo voceiro do grupo maioritario.

1.6 21809 (12/PNC-002038)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en materia de financiamento das oficinas de xustiza municipais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 179f1, do 26.03.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 24193), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu copia aos distintos portavoces.

PARLAMENTO DE GALICIA

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Rodríguez Martínez, Roberto (P)** -*logo de abandonar o seu posto na Mesa da Comisión, en cumprimento do disposto no artigo 82 do Regulamento do Parlamento*- quen pasa a expoñer os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)**, para defender e explicar o sentido da emenda presentada polo seu grupo, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo propoñente.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante a **señora Castro Rey, Paloma (S)**, expón os argumentos do seu grupo a respecto da proposta obxecto de debate.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida o **señor Rodríguez Martínez, Roberto (P),** tras expoñer diversas consideracións a respecto das anteriores intervencións, explica as razóns polas que non acepta a emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

1 12556 (12/PNC-001191), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8 (GGPP.: BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (GP.: P)
Abstencións: 0

2 13402 (12/PNC-001279), do **G.P. Popular de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **aprobado pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a seguir impulsando a delegación por parte dos concellos dos procesos selectivos de acceso aos corpos de policía local e a selección de auxiliares de policía local unitarios na Academia Galega de Seguridade Pública, coa finalidade de garantir unha homoxeneización de requisitos e capacitación semellante en todo o territorio.»

3 20287 (12/PNC-001890), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** A Presidencia dá lectura ao acordo de transacción acadado coa emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 24192):

PARLAMENTO DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a constituir de maneira urxente un grupo de traballo, liderado pola Dirección Xeral de Xustiza, e no que participen o presidente do TSXG, o Fiscal xefe de Galicia, os membros da Sala de Goberno do TSXG, representación dos Colexios Profesionais da Avogacía e da Procuradoría e representantes das organización sindicais con representación na Mesa Sectorial, co fin de preparar o sistema xudicial galego para a implantación e entrada en vigor da Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo público de xustiza."

Sometido a votación o devandito texto resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8 (GGPP.: BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (GP. P)
Abstencións: 0

4 20594 (12/PNC-001921), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **aprobado pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno do Estado a creación dunha base marítima permanente do Servizo de Vixilancia Aduaneira na Costa da Morte.»

5 20955 (12/PNC-001954), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8 (GGPP.: BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (GP. P.)
Abstencións: 0

6 21809 (12/PNC-002038), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 15 (GGPP.: P+BNG+M)
Votos en contra: 0
Abstencións: ..... 2 (GP.S)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a pedir ao Goberno central financiamento adicional para o mantemento das oficinas de xustiza nos concellos como consecuencia do incremento de funcións que son de obrigado cumprimento pola entrada en vigor da Lei de

PARLAMENTO DE GALICIA

medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.»

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece o traballo e colaboración dos membros da Comisión e dos servizos da Cámara, e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:50 horas.

Julio García Comesaña

Firmado digitalmente por Julio García Comesaña
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Julio García Comesaña, email=julio.garcia.comesana@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.05.12 13:01:36 +02'00'

V. e pr.
Julio García Comesaña
Presidente da Comisión

Paloma Castro Rey

Firmado digitalmente por Paloma Castro Rey
Fecha: 2025.05.12 11:03:54 +02'00'

Paloma Castro Rey
Secretaria da Comisión